

## Xornadas de estudio sobre Eugenio Montero Ríos

EGAP, Santiago de Compostela, 9 e 10 de xullo de 1997

Doutor en historia.  
Corpo Superior de  
Administración da  
Xunta de Galicia

**José Luis Mínguez Goyanes**

**A** Escola Galega de Administración Pública conmemora cada ano a traxectoria dun relevante xurista ou pensador galego. En anos anteriores figuras como Manuel Colmeiro ou Luis López Ballesteros foron obxecto de estudio e de reflexión. O ano de 1997 está dedicado á persoa de Montero Ríos, o ilustre compostelán que chegaría ás máis altas responsabilidades do Estado. Montero Ríos foi un personaxe clave da vida española dos últimos decenios do século XIX e unha das figuras máis influentes da política e da sociedade na época que lle tocou vivir.

Eugenio Montero Ríos naceu en Santiago de Compostela en novembro de 1832. Como moitos outros mozos da súa época, cursou estudos no seminario compostelán onde aprobaría os cursos de filosofía e catro anos de teoloxía. Sen embargo Montero non chega a remata-los estudos eclesiásticos e axiña co-

meza os da licenciatura de dereito. Nesa facultade destaca como alumno brillante e remata pronto a carreira. En 1858 obtén o doutoramento na Universidade de Madrid. Tres anos antes publicara en Santiago a *Memoria sobre el origen y relaciones de la Economía Política*. Nesta obra deixa entrever a influencia de Ramón de la Sagra. Xa dende os seus primeiros tempos de estada en Madrid, Montero Ríos perfílase como católico practicante e liberal progresista, circunstancias clave para comprender a súa traxectoria posterior nunha España que non estaba acostumada a enlazar esas dúas condicións.

Unha vez conseguido o doutoramento en Madrid volve a Santiago, e, pouco despois, obtén por oposición a cátedra de Disciplina Eclesiástica da Universidade de Oviedo. En 1860 trasládase por permuta a Santiago. En 1864 obtén por concurso a cátedra de Dereito Canónico da Universidade Central.

No ano 1868 comeza a colaborar coa *Revista de Legislación y Jurisprudencia* e publica diversos traballos sobre as súas leccións de dereito canónico. Ó ano seguinte resulta elixido por Pontevedra deputado nas Cortes Constituíntes. Destacou no Congreso polas súas intervencións sobre a liberdade de cultos. Pouco despois nomeouno subsecretario de Gracia e Xustiza o ministro Ruiz Zorrilla. Montero destacou na preparación da Constitución de 1869.

No ano 1870 o xeneral Prim, co que sempre conservaría a amizade, designouno para a carteira de Gracia e Xustiza. O seu labor nese ministerio foi notable. Fixéronse baixo a súa inspiración, entre outras, a Lei do rexistro civil, a Lei hipotecaria, o Código penal, a reforma do procedemento criminal, a Lei orgánica do poder xudicial, etc.

Montero Ríos foi un dos principais apoios do rei Amadeo, ata a súa abdicación no ano 1873. Unha vez caído Amadeo, Montero afastouse dos cargos públicos e centrouse no seu labor docente e profesional. O bufete que abre en Madrid pronto se coñecerá en toda España. De tódolos xeitos Montero non abandona a actividade política. Durante o breve período republicano (1873-1874) foi vicepresidente do efémero Partido Republicano Democrático. Montero declinará calquera responsabilidade no gabinete que sucedeu ó golpe de Pavía en 1874, que remata coa primeira República. Nesta época resulta elixido presidente da Academia Matritense de Xurisprudencia e Lexislación e decano do Colexio de Avogados de Madrid.

Durante os primeiros anos do reinado de Alfonso XII, Montero Ríos permaneceu afastado dos cargos públicos, ata que en novembro de 1885 o nomearon ministro de Fomento baixo a

presidencia de Sagasta. Dende este ministerio impulsou o Proxecto de lei de redención de foros, o de crédito agrícola, a creación das cámaras de comercio, etc. Montero Ríos convértese en ponte para a integración na restaurada Monarquía dun amplo grupo de republicanos históricos.

No 1888 noméano presidente do Tribunal Supremo. Entre 1892 e 1893 volve ocupa-la carteira de Gracia e Xustiza. En 1889 noméano senador vitalicio. Montero presidirá a Cámara Alta en varias lexislaturas.

Á morte de Sagasta o partido liberal queda dividido en dous grupos, capitaneados respectivamente por Moret e Montero Ríos. En xuño de 1905, a Coroa encoméndalle a formación dun novo goberno a Montero Ríos. A presidencia de Montero dura unicamente cinco meses, durante os cales negociou con Francia melloras na cuestión de Marrocos e recibiu a Loubet, o presidente da república francesa, nunha viaxe que contribuíu a mellora-las relacións entre ámbolos países.

Montero morre en 1914. Pouco antes escribíralle a Alfonso XIII e manifestáballe a súa adhesión á Monarquía. No seu testamento dispuxo que á súa morte non se lle rendesen honores oficiais de ningún xénero e se devolvesen as condecoracións que recibira, pois quería ser enterrado coma un simple cidadán.

Diversos autores teñen sinalado tamén a grande influencia de Montero Ríos na vida política galega. Incluso se estableceu un termo, o *monterismo*, para se referir a unha corrente de opinión seguida por diversos xornais (*La Voz de Galicia*, *La Gaceta de Galicia*, etc.) e un sector moi numeroso das clases medias e clero galegos. Montero Ríos sempre soubo coída-la súa imaxe de representante dos intereses das clases medias urbanas e non urbanas.

Entre os seus principais traballos publicados hai que mencionalos seguintes: *Discurso pronunciado sobre el matrimonio civil en la sesión celebrada en las Cortes Constituyentes el 29 de abril de 1870*, *La enseñanza libre* (1877), *Las elecciones pontificias* (1877), *La cuestión agrícola* (1887), *Proyecto de lei de organización y atribuciones de los juzgados y tribunales del fuero común en España*, *Res-tablecimiento de la unidad religiosa en los pueblos cristianos* (1897).

\* \* \* \* \*

Nos días 9 e 10 de xuño de 1997 desenvóléronse no salón de actos da EGAP as "Xornadas de estudio sobre Montero Ríos", ás que acudiron destacados especialistas nesta figura.

Inaugurou as xornadas o director da EGAP, **Domingo Bello Janeiro**. Destacou, na súa intervención, a necesidade de recu-

pera-la figura de Montero Ríos, que se caracteriza polo espírito reformista que o animou ó longo da súa vida. Bello sinalou a influencia de Montero no nacemento da Institución Libre de Ensenanza. Mencionou tamén os diversos estudos e publicacións dedicadas a Montero Ríos. Rematou a súa intervención sinalando a necesidade de rescata-la memoria deste ilustre galego, protagonista no seu tempo do intento de modernización do Estado. De seguido interveu **Ramón Villares**, catedrático de historia contemporánea da Universidade de Santiago e director do simposio. Villares agradeceulle á EGAP que dedicase este ano á figura de Montero Ríos. Ó seu ver Montero está presente no imaginario popular galego como prototipo de home astuto e político hábil, fecedor de moitos favores, aínda que curiosamente a súa figura está pouco estudiada. Nin tan sequera en Santiago, a súa cidade natal, se lembra a súa figura. Villares fixo despois un breve apuntamento sobre a vida de Montero Ríos, a modo de introducción do simposio, que serviu para enmarca-lo personaxe.

A primeira conferencia do simposio pronunciouna **Javier Tusell**, catedrático de historia contemporánea da Universidade Nacional de Educación a Distancia. O título da súa intervención foi o de "A crise da Restauración e Montero Ríos".

Montero Ríos tivo, na opinión de Tusell, un papel decisivo na configuración do dereito. E aquí hai que analiza-la súa principal contribución histórica. As diversas disposicións legais inspiradas por Montero (Código penal, Código civil, etc.) estiveron vixentes durante moito tempo.

A entrada de Montero Ríos na política coincide cos primeiros momentos do "sexenio revolucionario". Á caída de Amadeo I –de quen Montero era amigo persoal– retírase a "gardar loito", segundo expresión de Tusell. Montero xogará un papel importante na configuración da Restauración, aínda que nun primeiro momento non quere colaborar coa monarquía recentemente restaurada na persoa de Alfonso XII.

En 1888 é elixido presidente do Tribunal Supremo e ó ano seguinte, senador vitalicio, ámbolos cargos de "retirada" na opinión de Tusell. Este autor sinalou que a crise da Restauración coincide coa retirada paulatina de Montero dos cargos de primeira liña na política.

A crise da Restauración comeza a principios dos noventa. Tusell indicou que o nacemento do rexeneracionismo non é posterior a 1898, como se ten sinalado nalgunhas ocasións. A primeira literatura rexeneracionista (Lucas Mallada, Macías Picaeva, etc.) é de comezos da década dos noventa. Montero Ríos será nestes momentos o representante máis caracterizado dos

liberais, aínda que é un “prexubilado”, dada a súa condición senatorial. Montero ocupa a presidencia do Senado en sete ocasións. Pese á escasa relevancia política do Senado dentro do aparato do Estado, Montero vivirá de cerca o desastre do 98: preside a Delegación española no tratado de París e incluso no mesmo Senado terá lugar o debate sobre o *desastre*, como pronto serán coñecidos os acontecementos de 1898.

Para o partido liberal a década dos noventa representa un recoñecemento do rexeneracionismo, a aparición dunha “actitude rexeneracionista” no seo do partido. O líder deste, Sagasta, aparece identificado coa autenticidade. Cando morre Sagasta en xaneiro do ano 1903, Montero Ríos faise coa dirección do partido, aínda que seguirá unha liña distinta á de Sagasta.

Romanones fala de Montero Ríos na súa obra *Notas de mi vida*. Asegura que Montero apreciaba máis a Cámara Alta có Congreso. En 1905 chega sen entusiasmo á presidencia do Goberno. Segundo Romanones o que en verdade quería ser Montero Ríos era “ex-presidente do Goberno”. Algo semellante indicará Azorín nun artigo que publicou en xuño de 1905 (“El viejecito que quiere irse”) referido a Montero Ríos.

Despois do 98 e como reacción a este, hai unha volta ó intervencionismo dos militares na política, sobre todo durante o Goberno de Montero Ríos. Os militares queixábanse da profunda inestabilidade da política militar dende principios do século. Ten lugar tamén o nacemento dunha actitude antimilitarista, da que os sucesos da revista *El Cucut* en 1905 son un expoñente. Hai unha espiral de reivindicacións militares que Montero Ríos quere calmar mediante o procedemento do estado de excepción. Montero promove, segundo Tusell, o prevalemento do poder civil sobre o militar.

No ano 1913 Azcárate e Melquíades Álvarez visitan a Montero Ríos, que dá o visto e prace para o nacemento dun novo partido, o *reformista*, que se estaba fraguando e que finalmente non chega a callar. O sistema da Restauración estaba xa en transo de agonía. Un ano despois morrería Montero.

Ó remate da súa conferencia Tusell respondeu a algunhas preguntas que o público asistente lle formulou. Unha delas facía referencia á relación de Montero Ríos co chamado “catolicismo social”. Tusell sinalou que Montero, sempre católico, pertence ó mundo do catolicismo liberal, que é alleo ó mundo do catolicismo social.

A seguinte conferencia foi pronunciada por Ramón Villares, catedrático de historia contemporánea da Universidade de Santiago, baixo o título de “Montero Ríos, un home do sexenio”.

Para Villares o sexenio foi unha etapa rica que supuxo a instauración da democracia política.

Antes de 1868 Montero Ríos era fundamentalmente un profesor, carente de experiencia política anterior. Unha das características do sexenio é que xorden “homes novos” na política. Montero Ríos é un claro exemplo disto; un exemplo de científico metido a político a principios do sexenio.

A primeira aparición pública de Montero ten lugar nas eleccións municipais de 1868, aínda que hai que destacar sobre todo a súa participación nas eleccións constituíntes do ano 1869, nas que se presentara pola circunscrición de Pontevedra. A partir de aquí haberá un protagonismo progresivo de Montero Ríos no eido político.

Montero desempeñará unha actividade política intensa, concorrendo en sucesivas eleccións. En 1871 preséntase a deputado polo distrito de Palacio (Madrid) e Lalín. O feito de se presentar por esta última localidade era toda unha provocación, pois significaba competir co cacique tradicional desta zona.

Montero é membro da comisión que redacta a Constitución de 1869, como parte do continxente dos progresistas. Nas discusións constitucionais ten un destacado papel no recoñecemento da liberdade relixiosa. No seu primeiro discurso, pronunciado o 14 de abril de 1869, enfróntase con Manterola, García Cuesta e Monescillo, tres eclesiásticos relevantes, partidarios do *status quo* da unidade relixiosa. Nestas discusións Montero Ríos amósase defensor convencido dun catolicismo de talante liberal.

Villares sinalará na súa intervención que as relacións Igrexa-Estado son o problema máis constante de todo o constitucionalismo español. Persoalmente Montero Ríos non quere a Igrexa baixo a protección do Estado. A súa representa unha posición equidistante entre os republicanos (separación Igrexa-Estado) e os unionistas (alianza Estado-Igrexa). Montero considera a relixión como unha materia de conciencia, que non debe ter estatuto político. O mesmo Montero é liberal e católico, e insistirá en moitas ocasións na independencia da Igrexa respecto do poder político. Neste período constituínte Montero Ríos terase que enfrontar coa oposición de dereitas (carlistas) e de esquerdas (republicanos, sobre todo os federais).

No ano 1870, cando é ministro de Xustiza, inspira importantes leis: codificación procesual, civil e mercantil, que están en vigor durante case cen anos. Segundo Villares, Montero Ríos fará unha distinción entre o que son as leis “científicas” das leis “políticas” (Lei electoral, etc).

O selo de Montero Ríos no sexenio foi importante. Montero aspira a construír e a moderniza-lo Estado. Quere adecua-la vida civil á Constitución. Trataríase en definitiva de aplicarlle á sociedade civil os preceptos constitucionais. Era unha adecuación de España ó que el chamaba “civilización moderna”.

Hai unha coherencia persoal de Montero Ríos durante o Sexenio. Montero Ríos é un católico que asume o liberalismo relixioso. Á vez é un “amadeísta” recoñecido, dentro dunha aceptación plena da monarquía parlamentaria. Despois da caída de Amadeo, Montero Ríos pasa por unhas veleidades republicanas, sen embargo en 1871 rompe con Ruíz Zorrilla e inicia o camiño da esquerda dinástica, pese ós seus receos iniciais a estar baixo a Monarquía da Restauración.

De seguido interveu **Xosé Ramón Barreiro Fernández**, catedrático de historia contemporánea da Universidade de Santiago, cunha conferencia titulada “Montero Ríos, canonista”.

Barreiro sinalou que ata principios do século XIX o episcopado español é máis monárquico ou regalista (fenómeno distinto do galicanismo do episcopado francés) ca romanista. Nembargantes, cando o Rei perde a súa función de monarca absoluto, o episcopado entrégase ó papado. O episcopado, en definitiva, buscará a sombra protectora do Vaticano. Por esta razón a partir do ano 1833 o dereito canónico vai facéndose máis romanista ca regalista. Esta tendencia acentúase despois de 1868. Proba disto será a tendencia que adoptan os tratados de dereito canónico editados nesas datas.

Un representante destacado desa tendencia en Santiago é Domingo Cortés, profesor de dereito canónico e vello liberal. O mesmo Montero Ríos posiblemente foi alumno del.

Barreiro sinalou que Montero non era un grande experto en *ius canonicum*, pero si no tema das relacións Igrexa-Estado, é dicir, o que é propiamente a “disciplina eclesiástica”. Antes de 1868 Montero Ríos ten unha visión estritamente histórica do fenómeno Igrexa. O seu pensamento non se separa do que podían ter escrito os regalistas españois do XVII e XVIII. A partir dese ano a construción do seu pensamento é moito máis radical: descobre o liberalismo democrático. Articula o seu pensamento en torno á liberdade relixiosa, de ensino e de pensamento. Ó seu parecer, ten que haber unha Igrexa libre nun Estado libre. A política interpretada por Montero Ríos non se separará desas ideas clave.

En 1865 Montero ten unha polémica con García Cuesta nas páxinas de *La Iberia*. O argumento de Montero Ríos é que o romano pontífice non debe ter poder temporal.

A defensa da liberdade relixiosa é elemento nuclear da concepción canónica de Montero. O matrimonio civil era unha ruptura total da tradición española, un reto imposible para aquel momento. Barreiro falou de seguido do tema do xuramento á Constitución de 1869, que a Igrexa se nega a prestar. O matrimonio civil e o xuramento á Constitución foron, na súa opinión, batallas dadas antes de tempo (case non houbo matrimonios civís e o clero non xurou a Constitución). A sociedade daquel tempo non estaba secularizada, condición necesaria para admitir estes cambios.

A xornada da tarde do día 9 comezou coa intervención do profesor **José Manuel Cuenca Toribio**, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Córdoba. O título da súa conferencia foi o de "Montero Ríos e a elite política da Restauración".

Cuenca Toribio deu unha visión do parlamento, dentro do que el denominou "cultura parlamentaria". A figura de Montero Ríos responde ó paradigma do político do liberalismo. É un representante da xeración de 1868, a xeración do Sexenio, época na que a prensa colaborou cara á respectabilidade da función pública e singularmente dos políticos.

O ano 1885 é o ano miliar da historia do parlamentarismo español; o ano no que se escribiu máis sobre este tema (Andrés Borrego, Fernández Martín, etc.). Outra figura do liberalismo español, Gumersindo Azcárate, escribe neste mesmo ano *El Régimen parlamentario en la práctica*, obra de teoría e de reflexión sobre o parlamento, na que fai un canto ó parlamentarismo.

Cara ó ano 1895 dáselle paso a unha certa literatura anti-parlamentaria. Criticase o parlamentarismo tal e como se practicaba naquel momento. Os institucionistas son partidarios dun novo parlamentarismo. Hai tamén un desexo de que rompa a caspela dos partidos e que o desexo popular chegue ás Cortes.

A partir da data en que Montero Ríos foi ministro asistimos a un *revival* da literatura antiparlamentaria española.

Montero Ríos terá ocasión de ver aínda o auxe da literatura positiva sobre o parlamentarismo. Hai que destaca-la publicación de diversas biografías sobre as figuras de proa do liberalismo español (Cánovas, Ríos Rosas, Sagasta, etc.). Francos Rodríguez fará en 1917 a biografía de Canalejas. É a última etapa segundo Cuenca na que o parlamentarismo gozará de boa prensa. Nos anos vinte deste século ocorre todo o contrario, cousa que lle sería aforrada de ver a Montero Ríos.

Na opinión de Cuenca Toribio, Montero Ríos é o home que mellor conserva o espírito do que supuxo o ano 1868 para tódolos políticos da Restauración.



A seguinte conferencia correu por conta de **Pablo Sande García**, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sande titulou a súa intervención “Montero Ríos e a codificación civil”.

Segundo Sande a implantación na España contemporánea do matrimonio civil é un proceso inacabado. Hai unha experiencia semellante no sexenio e na república: ámbalas leis duraron o que duraron estas etapas.

Os intentos de codificación civil ó longo do XIX fracasaron, a diferenza do que aconteceu coa lexislación penal e mercantil. En 1850 fracasa a tentativa de Código civil, e fracasa, na súa opinión, porque non respecta as peculiaridades das rexións.

Hai un protagonismo absoluto de Montero Ríos no Proxecto de lei de matrimonio civil, cando foi subsecretario do Ministerio. A lei consideraba a posibilidade de contraer matrimonio civil simultaneamente ó matrimonio relixioso. É unha das cousas que mellor explican o fracaso da Lei de 1870. O matrimonio realizábase relixiosamente, pero non civilmente. Ó principio ocorría incluso que os fillos do matrimonio civil non eran recoñecidos legalmente. A partir de 1875 derrógase isto. Despois dese ano introdúcese a necesidade de non ser católico para ter matrimonio civil. Isto explica que dende o ano 1875 o matrimonio civil teña aínda a concepción hexemónica que ten.

Outra das leis inspiradas por Montero foi a Lei de rexistro civil de 1870, a tramitación e desenvolvemento da cal non foi un tema especialmente polémico.

O martes 10 de xuño continuou o simposio cunha conferencia de **José Antonio Durán Iglesias**, escritor e investigador, titulada “Poder civil e ensinanza libre. *Don Eugenio* entre as dúas Españas”.

Durán Iglesias sinalou que Montero Ríos é unha figura inseparable da Institución Libre de Enseñanza. É exemplo tamén de grande cacique liberal e centralista.

“No había de humillar mi vida... traicionando al poder civil”, dirá ante os sucesos do “Cucut”, e amósase así defensor sen limitacións do poder civil. Durán indicou que Montero tiña desconfianza ante os “uniformes corporativos” (milicia, clero...). Con agudeza sinalou tamén que era desconfianza ante o corporativismo doutros, non do propio.

Montero Ríos será cualificado polos tradicionalistas como “Lutero Ríos” e polos seguidores da tradición liberal democrática como “Don Eugenio”. As denominacións sobre a súa persoa dependían da ideoloxía dos interlocutores.

Durán indicou que o conflito compostelán de 1875 non

foi só por medo ás teorías científicas. Era tamén desconfianza ante o que non levase o *nihil obstat* da Igrexa.

As Ordenanzas de Orovio do 26 de febreiro de 1875 suscitan protestas nas universidades. Prodúcese incluso a renuncia de Montero Ríos á súa cátedra, mediante un escrito medido e non apaixonado no que denuncia o “ordenancismo” de Orovio.

A lectura atenta do número necrolóxico que lle dedicou Francisco Giner de los Ríos no boletín da Academia de Xurisprudencia e Lexislación amosa o papel calado pero determinante que ía xogar Montero Ríos na xénese e na forma definitiva da Institución Libre de Enseñanza. Hai un recoñecemento básico na necrolóxica de Giner do papel de Montero Ríos na Institución. A Institución perdurará ata a catástrofe de 1936. Segundo Durán, poucos homes fixeron tanto, para impedir ese final, como Montero Ríos, “aquele raro exemplar de católico progresista” como o cualifica este autor.

O Montero Ríos da madureza non tardará en sorprender a todo o mundo, dentro da “complexa coherencia que o caracteriza”, como di Durán. Hai un equilibrio persoal de Montero Ríos: educación de dous dos seus fillos (Avelino e Eugenio) na Institución Libre de Enseñanza e, no caso de Avelino, tamén cos xesuítas en Camposancos. O mesmo Cánovas, cando visita Camposancos, manifestará a súa admiración por esa experiencia renovadora no eido da educación.

Unha vez rematada a conferencia de Durán Iglesias comezou unha mesa debate, baixo o título xenérico de “As cidades de Montero Ríos: Santiago e Pontevedra”, que foi moderada por Domingo Bello, e na que interviñeron Diego Bernal, José de Cora, José Vázquez Gómez, Ramón Villares, Xosé R. Barreiro e José Antonio Durán.

**Diego Bernal**, delegado en Galicia da axencia EFE, sinalou que a pegada clerical da zona onde vivía Montero Ríos de mozo será determinante para que inicie os seus estudos eclesiásticos. Bernal indicou o paradoxo de que sendo Montero católico practicante mantívase unha polémica no xornal *La Ibérica* co arcebispo García Cuesta. Hai un papel destacado de Montero Ríos na promoción da Universidade de Santiago, dende a súa posición de ministro de Fomento. A el débense as facultades de Medicina e de Veterinaria. Non é casual tampouco que na Restauración se conclúa o ferrocarril Santiago-Carril, obra na que Montero Ríos tiña intereses. Ademais un dos seus xenros, García Prieto, foi durante moito tempo representante en Madrid dos intereses de Santiago. A outra cidade que manifesta a pegada política de Montero Ríos é Pontevedra. En Lourizán proxecta Montero Ríos

moitas das súas realizacións. Tódolos anos se xunta nunha pequena zona pontevedresa un bo número de políticos. En Pontevedra están Vincenti e García Prieto, na Caeira Mon, González Besada, e noutros lugares da mesma provincia están Riestra e Bugallal. Todos eles foron políticos influentes durante a Restauración.

Falou a continuación **José de Cora Paradela**, director xeral de *El Progreso*, de Lugo. Indicou que a súa presenza neste foro estaba motivada pola vinculación de Montero Ríos ó nacemento dese xornal, feito que tivo lugar en agosto de 1908. A principios dese ano as personalidades máis sobranceiras do liberalismo lucense reúnense co fin de fundar un órgano de prensa. Trátase ademais de reorganiza-lo partido liberal en Lugo, vítima daquela de moitas desercións, entre outras a do xornal *El Regional*. O proxecto conta co beneplácito do partido liberal, transmitido polo senador Dositeo Neira Gayoso, unha das figuras simbólicas do liberalismo lucense. O periódico nace ó servicio do liberalismo, para reorganiza-lo partido arredor de Montero Ríos, e máis concretamente do seu fillo Avelino Montero Villegas, deputado por Mondoñedo. Os seus inspiradores políticos foron Montero e García Prieto, ex-ministro da Coroa. De Cora falou tamén sobre os responsables do periódico e mencionou á vez o primeiro editorial deste, no que se declaraba fondamente monterista.

A continuación interveu **José Vázquez Gómez**, xefe de documentación de *La Voz de Galicia*. Vázquez sinalou que o areal de Lourizán era a zona de veraneo de máis sona naquela época. En Lourizán e nas súas proximidades “cociñábase a política de España” durante os veráns, segundo Vázquez. A xente dicía que en tres leguas se facía a política de España, no medio da vida prateira dos veráns daquela zona.

Vázquez fixo fincapé na achegada relación que mantiñan Montero Ríos e Echeagaray no verán, relación que tiña repercusións políticas. A modo de exemplo sinalou que o tranvía de Pontevedra a Marín se construíu gracias ás influencias destes dous grandes persoeiros. Dun modo semellante **José Antonio Durán** incidiu na importancia política da Pontevedra finisecular.

**Villares Paz** indicou que durante a Restauración, Galicia tiña unha influencia extraordinaria nos centros de decisión política. A fins do XIX e principios do XX moitas das grandes decisións tomadas en España foron feitas por galegos. En Madrid había importantes políticos e xornalistas de orixe galega. Existían, xa que logo, unha serie de importantes interlocutores galaicos en Madrid. A pesar de todo isto Galicia pervivía no seu atraso.

Villares sinalou que era normal que moitos políticos non tivesen relación coas cidades onde naceron. No caso de Montero Ríos non foi así: mantivo relación case permanente con Pontevedra e Santiago. Sen embargo a relación con ámbalas dúas cidades era de carácter distinto. Pontevedra menos politicamente e máis humanamente e Santiago ó revés. Os grandes edificios da Galicia autonómica actual están construídos na época de Montero Ríos (San Caetano, Escola de Veterinaria). Tamén se construíron naquel momento o edificio da facultade de Medicina e o da Sociedade Económica. Montero mantivo con Santiago unha relación moi fluída, moi constante e sempre coas mesmas familias.

Unha persoa do público asistente preguntou sobre os apoios iniciais cos que contou Montero Ríos no comezo da súa carreira. **Xosé Ramón Barreiro** contestou que para responder a esta pregunta é clave ver como Montero chega á cátedra. Hai unha etapa previa da que se fala da importancia do apoio do cardeal García Cuesta. Este apoio débese posiblemente a que Montero Ríos se atopa dentro da tendencia canónica imperante: tendencia máis regalista e menos romanista. Pode ser posible tamén que recibise o apoio de Joaquín Aguirre, catedrático de dereito canónico e máximo expoñente desta liña regalista. Aguirre trataría de introducir a persoas desta tendencia nas universidades españolas. Montero pugnaría con Estrada pola cátedra. O resultado das oposicións dá un empate a catro puntos. Este empate resolverase por un decreto que inclina a situación cara a Montero Ríos. Barreiro indicou que detrás deste decreto habería que ve-la man de Aguirre. Montero Ríos era intelixente e traballador; xa que logo, na súa traxectoria posterior sería determinante a súa propia valía persoal.

Non parece que Montero Ríos tivese moita relación cos rexionalistas, segundo **José Antonio Durán**. Este mesmo autor asegurou que a "política matrimonial" de Montero, caracterizada sobre todo polos matrimonios calculados das súas fillas, será outro elemento curioso de poder. Durán sinalou tamén a importancia da figura dos gobernadores civís en determinados momentos da historia española. Un destes momentos será o arranque da Restauración.

Segundo **Ramón Villares** había dúas cousas que Montero Ríos non entendía: o socialismo e a incorporación das masas á política (Montero Ríos era doutra época, onde primaba o exercicio individual da política, das persoas *capacitadas*) e o exercicio do poder fóra do Estado. Para Montero, o Estado tiña a lexitimidade do poder. Montero Ríos non entendía o rexionalismo

político, mesmo cos outros liberais da vella escola. Sen embargo entendeu que había que pasar dun exercicio da política case abstracto, dende arriba, nun sentido doutrinario, a un exercicio da política como representación de intereses locais, máis particulares. Esta transición dunha concepción a outra da actividade política darase na Restauración. Os políticos convértense en interlocutores ou mediadores destas demandas locais. En definitiva, estamos ante un proceso de rexionalización do discurso político, pero non se pode falar de rexionalismo político. O mesmo proceso de transformación pasaralle a Gamazo, o político castelán, que se decata de que en Castela hai unha serie de problemas específicos.

Dentro destas coordenadas Villares sinalou que Montero Ríos non mantivo relación ningunha cos galeguistas-rexionalistas. A concepción da política que estes representaban quedáballe moi lonxe a Montero. Si houbo, en cambio, unha "rexionalización" do seu discurso político. Para Villares este fenómeno é bastante xeral entre a clase política da época. Houbo tamén un momento no que o monterismo estivo a piques de ser portavoz de grupos de interese máis innovadores en Galicia e fracasou (debate entre a "Traíña" e o "Xeito": confrontación entre a burguesía conserveira e os mariñeiros). Segundo Villares o monterismo tivo bastante de caciquista e limitador, aínda que consentiu, ó propio tempo, unha floración de riqueza cultural crítica.

Despois desta intervención **Domingo Bello Janeiro** fixo como remate unha recapitulación final do simposio. Sinalou a condición de Montero Ríos de católico practicante e liberal-progresista, clave para entende-la súa traxectoria, nunha España non acostumada a enlazar estas dúas condicións. Bello agradeceulle ós participantes o esforzo por recupera-la memoria de Montero Ríos, personalidade pouco coñecida hoxe no ámbito popular. Por todo isto Bello Janeiro deu por ben empregado o tempo deste simposio, para dar a coñecer un galego que foi importante protagonista da época que lle tocou vivir. 